

AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIANA DO BOLO

As persoas asinantes, con enderezo a efectos de notificación e demais datos persoais que fan constar, comparecen e **DIN**:

Que ante a remisión por parte do concello de Viana do Bolo de liquidacións tributarias relativas á **“Taxa pola entrada de carruaxes” correspondente ao ano 2014**, expresan o seu **REXEITAMENTO** contra esta actuación inxusta e abusiva, polas seguintes razóns

PRIMEIRA.- As liquidacións notificadas son improcedentes, ao seren abusivas e aplicarse por primeira vez en 2014, cando nunca con anterioridade se remitiran polo concello de Viana do Bolo recibos relativos á entrada de carruaxes. Se ben a ordenanza foi aprobada no ano 1998, nunca ao longo destes quince anos se emitiron liquidacións tributarias, co que semella que o lóxico era ter actualizado a ordenanza, informado aos veciños e veciñas afectados e logo proceder á súa recadación. En ningún caso actuar deste xeito tan pouco transparente, e sen aviso previo, como nesta ocasión.

SEGUNDA.- A aplicación da taxa é abusiva e desproporcionada ao notificarse a todas as persoas que son propietarias de vivendas, cando o que grava a ordenanza reguladora non é a simple entrada de vehículos e carruaxes senón a reserva de espazos públicos. Así no artigo 9 da Ordenanza regúlase a declaración voluntaria das persoas e entidades que desexan facer a reserva de entrada, ou de estacionamento para descargas, que serán obxecto de liquidación. Porén, o concello de Viana do Bolo notifícalle a taxa a múltiples persoas propietarias que non solicitaron a reserva de espazo, senón que simplemente son propietarios de garaxes ou prazas de aparcamento, unha actuación de oficio que nin sequera foi precedida da elaboración dun censo cos trámites pertinentes (información pública e notificación aos interesados). Trátase, por iso, dunha actuación exclusivamente recadatoria, non de regularización do uso de espazos públicos con reserva de aparcamento.

TERCEIRA.- As contías liquidadas son inexactas, ao non corresponderse coas previstas na ordenanza coa súa transformación a euros. A automática traslación das cotas tributarias previstas en 1998 e expresadas en pesetas cara euros para 2014 non se corresponde coas cantidades recollidas nos recibos, tendo en conta que dita ordenanza nunca foi actualizada.

CUARTA.- A administración municipal, en cumprimento da súa propia normativa e do deber de dilixencia e boa administración, debería ter facilitado maior información previa aos afectados e non proceder a xirar unha liquidación con prazos de ingreso xa prefixados, pois impide unha correcta defensa das persoas afectadas.

Por outra banda, a aplicación desta taxa durante anos, levada a termo deliberadamente polo concello de Viana do Bolo, debe terse en conta como precedente á hora de manter en suspenso a súa aplicación en tanto non se actualice a ordenanza, previa negociación cos veciños e veciñas, e regularizar o seu cobro, exclusivamente naqueles casos onde haxa reserva de espazo e previa elaboración do seu censo con información e garantías públicas.

En suma, constatándose unha actuación deficiente no ámbito da xestión tributaria municipal en relación coa taxa por entrada de carruaxes en Viana do Bolo, consentida durante anos, que ademais ten como consecuencia que se vulnerou o dereito recollido no artigo 34.1 da Lei Xeral Tributaria referido ao dereito que ten todo obrigado tributario, neste caso moitos veciños e veciñas de Viana do Bolo, a seren informados e asistidos pola administración tributaria sobre o exercicio dos dereitos e obrigacións relativas ao pagamento da devandita taxa.

